

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA SEN TEITO DE APOIO A PERSOAS SEN FOGAR OU EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EXTREMA, NO EXERCICIO 2025

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto da Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A súa vez, e en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27 do vixente Estatuto de Autonomía, en virtude da habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en virtude da cal corresponde á Xunta de Galicia a planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia.

En virtude das competencias exclusivas no ámbito de asistencia social que lle corresponden, a Comunidade Autónoma promulgou a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia a cal no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica



correspóndelle as competencias correspondentes en materia de benestar e, particularmente, en inclusión social.

Un dos colectivos que sofren de forma extrema a exclusión social é o das persoas sen fogar, entendendo por tales aquelas persoas que carecen de residencia ou domicilio estable e que se atopen nunha situación social e familiar vulnerable, sen ingresos nin traballo e en definitiva en situación de vulnerabilidade.

Esta situación precisa dun programa específico que permita previr e atender as necesidades sociais e laborais deste grupo de persoas. Con esta finalidade a Consellería de Política Social e Igualdade iniciou unha liña de colaboración coa entidade de iniciativa social Cruz Roja Española en Galicia para levar a cabo un programa integral, no que teñan cabida todas as formas de intervención precisas para minimizar os danos asociados á condición de persoas sen fogar ou vulnerabilidade extrema, na súa procura dun xeito de vida normalizada.

Cruz Roja Española en Galicia elaborou o único estudo sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia, ten unha axeitada implantación territorial, a través das súas respectivas asembleas locais, dispoñendo dunha das redes máis sólidas de traballo interconectadas a través dun sistema de banda ancha, conta cunha experiencia acreditada na elaboración e execución de programas integrais e innovadores de loita contra os procesos de exclusión mediante recursos humanos e materiais que integran dispositivos propios. Dispón así mesmo dunha ferramenta informática que permite ter datos en tempo real sobre a situación das persoas atendidas polas entidades que traballan con persoas sen fogar.

O programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema obxecto deste convenio, consistirá no establecemento de liñas de atención ás situacións de falta dun fogar, a través da intervención coordinada con enfoque integral levada a cabo polos equipos técnicos municipais da entidade, os cales teñen capacidade de actuación en todo o territorio galego. Tal cometido desenvólvese na rúa, nos albergues, nos recursos da rede de atención específica ás persoas sen fogar, os centros de Cruz Roja Española en Galicia e demais servizos de acollida existentes de accións dirixidas a:



a) Informar e derivar as persoas usuarias cara os servizos comunitarios pertinentes, como son os centros de día para estas persoas, que permitan fortalecer a súa rede social. Realizaranse as seguintes accións:

b) Proporcionar orientación e asesoramento social e legal as persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, que permitan regularizar a súa situación administrativa e o acceso a axudas e recursos sociais. En concreto realizaranse as seguintes accións:

- Orientación xurídica sobre dereito, trámites e recursos administrativos
- Asesoramento na tramitación de axudas e acceso a recursos sociais existentes
- Orientación educativa e formativa e derivación a recursos internos de Cruz Roja ou externos que impartan capacitación en competencias
- Orientación social para a convivencias, relacionados co aloxamento e/ou vivenda (vantaxes de pernoctar en dispositivos específicos para estas persoas, resolución de conflitos, pautas básicas de convivencia en espazos compartidos, derivación a recursos)
- Orientacións individualizadas de motivación cara o emprego
- Orientacións grupais sobre acceso ao emprego

c) Acompañamento social, a través das seguintes accións:

- Traslados a espazos de ocio, culturais, deportivos co fin de favorecer o arraigo social e a súa inserción social
- Realización de actividades de ocio dirixidas a favorecer o arraigo social
- Acompañamento e traslado para tramitación de axudas e acceso a recursos sociais existentes
- Mediación social no acceso a recursos públicos e privados para facilitar as persoas o acceso aos mesmos

d) Desenvolvemento das accións de acompañamento especializado para a inclusión social ou socio-laboral, mediación e resolución de conflitos relacionados coa



vivenda, intermediación inmobiliaria e prevención da discriminación no mercado da vivenda de persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema.

e) Apoio específico e acompañamento técnico para a inclusión social ou socio-laboral das persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema que accederon a prazas residenciais do sistema público por mor dunha situación de emerxencia social.

f) Entrega de axudas económicas para a tramitación e obtención de documentación administrativa (pasaporte, Dni/Nie, homologacións, certificacións, tarxetas sanitarias, traducións ou taxas administrativas).

g) Dar continuidade ás actuacións que ven desenvolvendo a Cruz Roja Española en Galicia encamiñadas a concienciar a sociedade acerca da realidade e da problemática das persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema. Estas actuacións serán accións personalizadas nos recursos sociais existentes en Galicia como albergues, cociñas económicas ou xornadas de concienciación e de traballo, utilizando a rede, os coñecementos e recursos que a entidade ten na comunidade.

Para a execución destas accións a Cruz Roja asinara o seguintes persoal:

Grupo 1: unha educadora social (20,7 horas).

Grupo 2: unha psicóloga (37,5 horas), unha educadora social (39 horas), unha educadora social (10 horas) e unha traballadora social (20 horas).

Grupo 3: unha integradora social (19 horas).

As funcións desempeñadas por cada uno deles serán as descritas a continuación:

Categoría	Funcións
Técnico Superior	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xestión de aplicacións de usuario e intervención para a xustificación do proxecto.</li> <li>▪ Xestión de documentación administrativa de proxecto e de datos de usuarios.</li> </ul>





	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Reunións de coordinación internas e/o externas e de seguimento do proxecto.</li><li>▪ Difusión interna e externa con outras administracións e recursos.</li><li>▪ Proporcionar asesoramento social a técnicos sociais.</li><li>▪ Organizar os equipo e roteiros de contacto na rúa e nos recursos de atención socio sanitarios.</li><li>▪ Realizar accións de sensibilización para concienciar da problemática á sociedade galega e estereotipos das persoas sen fogar.</li><li>▪ Deseño, planificación de actividades, sesións informativas e talleres.</li><li>▪ Elaboración de informes BI e memorias de seguimento.</li></ul>
Técnico Medio	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Executar roteiros de contacto en rúa detección de persoas en situación de sen hogarismo.</li><li>▪ Atención ás demandas e a necesidades daqueles/as que non acoden de forma presencial e demandan acompañamento.</li><li>▪ Pautar acompañamentos a servizos sanitarios, a recursos sociais que deban implicarse no proceso de inclusión social da persoa ou ben, a recursos de aloxamento en función da demanda e recursos dispoñibles.</li><li>▪ Apoiar a persoas sen fogar, tanto en actuacións de rúa, nos albergues, nos recursos das redes de atención específica para as persoas sen fogar, nos centros de Cruz Roja Española en Galicia e outros servizos de acollida.</li><li>▪ Apoio específico e acompañamento técnico para inclusión social ou socio-laboral das persoas sen fogar que accederon a prazas residenciais do sistema público debido a unha situación de emerxencia social</li><li>▪ Planificación e execución de actividades, sesións informativas e talleres.</li><li>▪ Información social dos recursos e derivación aos usuarios aos servizos pertinentes de atención continuada e outros.</li><li>▪ Deseñar e realizar accións de información, asesoramento e acompañamento especializado para a inclusión socio-laboral.</li></ul>





	<p>Mediación de conflictos relacionados coa vivenda, intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado da vivenda de persoas sen fogar, en procesos de inclusión residencial promovidos pola Administración Pública e entidades sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Derivación de usuarios a outros proxectos de Cruz Roja e externos para cubrir necesidades e demandas.</li></ul>
<p>Técnico Especialista en integración social</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Execución de actividades, sesións informativas e talleres.</li><li>▪ Atención ás demandas, necesidades daqueles/as que non acoden e demandan acompañamento.</li><li>▪ Executar roteiros de contacto en rúa detección de persoas en situación de sen hogarismo.</li><li>▪ Realizar acompañamentos pautados polo equipo técnico medio a servizos sanitarios, a recursos sociais que deban implicarse no proceso de inclusión social da persoa ou ben a recursos de aloxamento.</li><li>▪ Apoiar a persoas sen fogar, tanto en actuacións de rúa, nos albergues, nos recursos das redes de atención específica para as persoas sen fogar, nos centros de Cruz Roja Española en Galicia e outros servizos de acollida.</li><li>▪ Apoio específico e acompañamento técnico para inclusión social ou socio-laboral das persoas sen fogar que accederon a prazas residenciais do sistema público debido a unha situación de emerxencia social</li><li>▪ Información social dos recursos e derivación aos usuarios aos servizos pertinentes de atención continuada e outros.</li><li>▪ Realizar accións de información, asesoramento e acompañamento especializado para a inclusión socio-laboral.</li><li>▪ Mediación e resolución de conflitos relacionados coa viver intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado da vivenda de persoas sen fogar, en procesos de inclusión residencial promovidos pola Administración Pública e entidades sociais.</li><li>▪ Derivación de usuarios a outros proxectos de Cruz Roja e externos para cubrir necesidades e demandas.</li></ul>



A Cruz Roja Española en Galicia procederá, con cargo ao orzamento do convenio de colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade, á realización das actuacións descritas, sen que en ningún caso a realización das mesmas supoña unha contraprestación directa por parte da Cruz Roja, debendo esta cumprir coas obrigacións formais establecidas nas cláusulas do convenio.

O convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaráselle os principios do Texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/2023/UE e 2014/2024/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos dende o día 1 de xaneiro de 2025, e terá vixencia ata o 31 de decembro do mesmo ano.

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade, achegará a cantidade de cento sesenta e nove mil novecentos cincuenta euros (169.950,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 38.03.313C.481.4.

Que malia ser unha subvención concedida mediante convenio cun importe superior a 150.000 euros, a sinatura deste non require de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, por estar prevista na lei de orzamentos de Galicia para o ano 2025 como subvención nominativa, ao abeiro do artigo 37.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Asinado no lugar e na data da sinatura dixital.

